




Avisos



* **TDT - Aviso de resintonización** Dende o 26 de novembro de 2014 o repetidor da TDT situado no Monte de Boimil está funcionando coas novas frecuencias, os veciños que estaban a utilizar este repetidor xa resintonizaron os seus televisores. Antes do 31 de decembro o resto de veciños teñen que facer a resintonización pois a partires de aninovo o cambio das frecuencias farase efectivo en toda a comunidade.

* **Calendarios:** Este mes de decembro estivemos a repartir os calendarios para o ano 2015 que editamos dende o Concello, se a algunha casa non pasamos ou tivo algún problema co calendario pode pasar pola Casa do Concello a recoller o seu exemplar.

Servizo de Transporte.

* **SERVIZO DE TRANSPORTE:** O vindeiro 8 de xaneiro de 2015 volta a empezar o servizo de transporte polas parroquias ata a vila nos horarios de costume.

Tempo de Reis.

* **Mostra de Cantares de Reis:** O día 3 de xaneiro ás 16:30h. e como vimos facendo hai tempo, teremos a XI Mostra de cuadrillas de Reis no pavillón polideportivo coa participación de máis de dezaseis xugadas procedentes de todo o País galego, que farán as delicias dos amantes do noso canto tradicional. Será unha xornada de convivencia musical e cultural entre as xentes de Boimorto e os participantes, que xa son coma da Casa. Ha ser realmente unha fartura de canción, amizade e bo rolo.

* **Cabalgata de Reis:** o luns día 5 de xaneiro os Reis Magos de Oriente pasarán por Boimorto, visitando primeiro as residencias de maiores; e sobre as 6 da tarde, se o tempo o permite, sairán da Casa do Concello para facer un percorrido polo centro do pobo e rematar no Polideportivo Municipal onde atenderán a todos os cativos.

* **I Encontro Arredor dos Cantares de Reis:** Este ano quixemos darlle unha volta máis no disfrute da nosa tradición e convocamos, ademais da Mostra de Cantares de Reis que se celebrará o día 3 de xaneiro, o I Encontro Peninsular Arredor dos Cantares en Tempo de Reis. Puxémonos en contacto con xentes amantes e con opinión na tradición das diversas culturas peninsulares e pedímoslles un traballo a cada un para expoñer en Boimorto o día 10 de xaneiro.

Este encontro pretende ser aberto á participación e á opinión e o seu obxectivo é o de reflexionar, compartir, debater e gozar arredor dos cantares e costumes en Tempo de Reis.

Para isto é para o que convocamos a tódolos interesados nesta actividade a asistir o día 10 de xaneiro a partir das dez da mañá e pasar connosco un día compartindo tradición e ilusión.

Serán sete os invitados principais que expoñerán cada un, durante vinte minutos, a poñencia ou comunicado elixido, tendo a continuación outros vinte minutos de debate e dez de descanso:

Algúns dos convidados interpretarán unha mostra do folclore da cultura que representan.

Estableceuse liberdade para que calquera que queira participar poida facer o seu comunicado que será entregado a tódolos participantes. Cabe desde unha opinión razoada sobre cuestións antropolóxicas, etnográficas, musicais... ata unha análise dunha canción deste tempo ou calquera aspecto que se xulgue interesante e teña a ver co tema.

Deportes

- O Xoves 8 de Xaneiro **reanúdanse tódalas actividades deportivas municipais**, que foron interrompidas polas vacacións de Nadal.
- Neste mes de xaneiro ponse en marcha, nas dependencias do Concello, a renovación do **carné de piscina e ximnasio e usuarios de actividades deportivas municipais** para a tempada 2015. Para elo haberá que entregar unha foto tipo carné, impresa ou ben enviala por mail a informatica@boimorto.es.
- **EXCURSIÓN NEVE: Estación de Leitariegos. Día:** 25 de Xaneiro. **Hora:** 4:30 madrugada do domingo. **Idade:** a partir de 5 anos. Menores de 16 anos, acompañado dun adulto. **Prezo:** Adultos: si sabe esquiar 43,50€ si non sabe esquiar 37.50€. Nenos: 35 € (ata os 14 anos). Para os que non necesiten aluguer de material consulten o prezo no Concello. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, o forfait para poder facer uso das instalacións da estación (telesilla, telesquí e pistas) así como tamén o aluguer do material para esquiar (botas, bastóns, esquí e casco no caso dos nenos). Os que aluguen material de snow incrementarán o prezo 9 euros. Aquelas persoas que ademais queiran ter curso de esquí ou snow cun monitor incrementarán o custo. Mínimo 10 persoas. O número máximo de prazas será de 56 persoas, o mínimo para a realización da excursión é de 26 participantes. **Inscricións:** Casa do Concello ata o día 17 de xaneiro.

Curso

* O Concello de Boimorto colabora na organización de un curso de artes escénicas no local de usos múltiples (no edificio da antiga casa consistorial). O curso terá lugar todos os mércores en horario de 19h. a 22h. comezando coa primeira clase o 7 de xaneiro, esta primeira clase será gratuíta pois farase a presentación e a primeira toma de contacto cos alumnos. O custe do curso será de 25€ ao mes e os participantes deberan ter máis de 18 anos.

No curso trataranse as disciplinas de expresión corporal, voz, improvisación, teatro, clown.... e mesmo o deseño de guión e posta en escea.

Todos os interesados poden obter mais info no 630 186 888 (Jóse).

Bo Nadal e Próspero Aninovo para todos/as os/as Veciños/as de Boimorto.

